Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVIII - Nº 205. Marzo 2023. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA

EMPRESA

Aberto o prazo para solicitar as axudas para dixitalizar o comercio P11

MELIDE

Entrevista coas traballadoras do Centro de Información á Muller de Melide P14

LECER

Nace 'Desafío Cerne', unha nova proba deportiva que recorrerá a contorna P19

ENTREVISTA

Javier Fuciños, Hidroeléctrica Lumymey P23

Vinte anos da creación da Plataforma que fixo posible a Autovía por Melide

Alá por marzo de 2003, un grupo de veciños e veciñas da comarca Terra de Melide decidiron loitar contra vento e marea para que a autovía Lugo - Santiago pasara pola vila melidá. Para conseguir este obxectivo crearon a Plataforma Autovía por Melide.

A Plataforma Autovía por Melide estivo constituída durante 7 anos nos que certos intereses políticos e persoais complicaron e tensionaron a loita de gran parte da veciñanza para conseguir que a A-54 pasara pola comarca. P3

Pepa, Pepe, Papá é a nova campaña de ASETEM

ASETEM - CCA lanza unha nova campaña: Pepa, Pepe e Papá para promover e impulsar as compras arredor do Día do Pai nos comercios de proximidade asociados. P5

"Para moitas familias foi un alivio ter o servizo en Toques"

As traballadoras do Centro de Atención Temperá e o alcalde do municipio repasan co Cerne a importancia de contar con este servizo e o que supuxo para moitas familias da contorna. P17

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Tribuna de opinión

Reivindicación e loita

O Día Internacional da Muller é unha xornada de reivindicación e loita. Custa crer que en pleno 2023 haxa que seguir explicando os motivos que nos levan a saír á rúa para manifestarnos, a protestar contra as inxustizas e golpear os chamados "teitos de cristal".

Unha viñeta dos cómics de Madalfa na que fala con súa nai. / Foto: El País

Todos os dereitos que afectan ás mulleres son cuestionados por parte da poboación, que se hai unha nova lei do aborto todas imos abortar, que se coa lei trans todas as nenas e nenos van cambiar de sexo para logo arrepentirse, ... Se estas leis afectaran aos homes habería tanta polémica e xente a cuestionalas?

A andaina cara a igualdade avanza, isto amósase, por exemplo, no momento no que unha muller denuncia abusos sexuais nunha festa por tocamentos non consentidos, algo que non hai tanto tempo considerabamos normal e xustificabamos coas típicas frases de: "xa está aquí o baboso ou borracho tocando nas narices". O camiño continua, conseguimos que se fale de feminismo, violencia de xénero, acoso ou da menstruación nos medios de comunicación e na vida cotiá, atrás quedaron os tempos nos que a menstruación era algo escuro e sucio, ou nos que se xustificaba a violencia de xénero porque era ela a que o provocaba.

Non obstante, o horizonte está lonxe e a parte da andaina que nos queda non ten pinta de ser fácil. Neste tramo atoparemos moitos obstáculos postos por persoas que ven nos nosos dereitos unha ameaza e que cren que teñen dereito a utilizarnos e a someternos.

O 8 de marzo deben ser todos os días do ano, non chegan só coas boas intencións os feitos son precisos. É necesario que todas as persoas feministas, todas, deamos exemplo e poñamos en evidencia comportamentos machistas.

Editorial

Un salario máis digno

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Unha persoa sostendo moedas nunha e outra man. / Foto de arquivo

O Goberno do Estado aprobou a subida do Salario Mínimo Interprofesional a 1.080 euros brutos mensuais en 14 pagas. Un incremento que supón unha pequena mellora na calidade de vida de moitas persoas e familias pero que non é suficiente.

Co contexto actual de inflación parece lóxico apoiar esta medida da suba do salario, chega con ter empatía e facer un exercicio de reflexión interior: sería capaz de vivir con 1.080 euros ao mes? Podería pagar todas as facturas? Tería para mercarlle roupa nova aos meus fillos ou fillas?

Días despois do anuncio desta suba nunhas declaracións á Cadena Ser unha muller afirmaban que grazas a iso na súa casa poderían comer un día máis á semana peixe fresco. Esta é a situación de moitas familias polo que este incremento fai de España un país máis digno para traballar e para vivir. Unha medida de xustiza social.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia , Vanesa de Quinzán e CEIP de Arcediago
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, David Barrio e Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....11
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....19
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

Vinte anos da Plataforma Autovía por Melide

Alá por marzo de 2003, un grupo de veciños e veciñas da comarca Terra de Melide decidiron loitar contra vento e marea para que a autovía Lugo - Santiago pasara pola vila melidá. Para conseguir este obxectivo crearon a Plataforma Autovía por Melide.

No artigo 6 dos seus estatutos recóllese como fin desta entidade "a defensa da modificación do trazado da autovía Lugo - Santiago co obxectivo de que dito trazado pase o máis próximo posible ao casco urbano de Melide, así como ao seu Polígono Industrial". Unha demanda que os membros da Plataforma consideraban fundamental para que o municipio tivera presente e futuro.

A Plataforma Autovía por Melide estivo constituída durante 7 anos nos que certos intereses políticos e persoais complicaron e tensionaron a loita de gran parte da veciñanza para conseguir o fin de que a A-54 pasara pola comarca.

"A primeira noticia que tivemos sobre o trazado da autovía foi nunha entrevista na que o alcalde popular nese momento do municipio, comentou en Radio que estaba moi contento por evitar que a Autovía pasase por Melide, xa que ao final se ía desviar por Curtis, porque sería a morte da

Os integrantes da Plataforma Autovóa por Melide unha vez conseguiu o seu obxectivo. / Foto: Adolfo Álvarez

localidade. Neste momento empezou todo porque a maioría da poboación non estabamos de acordo con esas declaracións porque daquela o centro de Galicia esta sen vertebrar nin comunicar con outros puntos e isto prexudicaba tamén moito ao Polígono Industrial da Madanela", afirman membros do sector empresarial.

Dende a Plataforma sempre fixeron fincapé en que "a batalla pola autovía non ten bandeiras", xa que na iniciativa estaban inmersas persoas de diferentes ideoloxías cun obxectivo en común. A pesares disto, existiu moita tensión entre os equipos de Goberno do partido popular no concello nos primeiros anos desta loita que se saldaron co cese do rexedor municipal, nunhas declaracións de David Barrio, portavoz da Plataforma, á Voz de Galicia en maio de 2004 manifestaba que o cese non fora por motivos persoais senón polo "enfrontamento social e o rexeitamento que tivo da cidadanía melidense" ao coñecerse que Melide queda illada co proxecto inicial de Fomento.

Un dos grandes momentos de tensión destes anos de loita pola Autovía narrabao a Voz de Galicia do seguinte xeito: "a polémica en Melide pola autovía provoca unha persecución en coche entre dous veciños. (...) Dous membros da Plataforma Autovía por Melide presentaban onte ante a Garda Civil sendas denuncias nas que figuraban os nomes dos dous empregados municipais encargados de empapelar as rúas da localidade con carteis da Coordinadora" (entidade vinculada á Administración local). David Barrio declara que un dos traballadores do Concello, tras unha persecución "intimidatoria" por varias rúas de Melide, colisionou intencionadamente o vehículo municipal coa parte traseira do seu coche.

A través da Plataforma organizáronse diversas asembleas e mobilizacións para conseguir mudar o trazado proposto polo Ministerio de Fomento. A estas asembleas e mobilizacións acudían decenas de persoas da comarca que dunha maneira ou outra participaban na Plataforma coa finalidade ben marcada.

A día de hoxe, en pleno 2023 os membros máis activos da Plataforma Autovía por Melide lembran os anos de loita pola autovía con agarimo e un sorriso, non obstante, sen esquecer todas as trabas e obstáculos que tiveron que superar para facer realidade o que hoxe parece lóxico, que a estrada que une as cidades de Lugo e Santiago pase por Melide. "Foron anos de moito traballo e

Vinte anos da Plataforma Autovía por Melide

Decenas de persoas nunha asemblea organizada pola Plataforma na antiga discoteca Palladium. / Foto: Adolfo Álvarez

tensión pero conseguimos o noso obxectivo e grazas iso hoxe a vila está conectada co resto de Galicia, senón quedaría illada", destaca Adolfo Álvarez, un dos integrantes da Plataforma dende os seus comezos.

Ademais, nesta loita estaban unidos sectores da comarca moi diferentes como podían ser os sindicatos e a asociación de empresarios e empresarias, "a moita xente chamáballe a atención que a patronal e os sindicatos estiveran traballando unidos pero é que causa merecíao", recorda Pilar López, xerente de ASETEM.

Do 2003 ao 2009, ano de disolución da Plataforma de Autovía por Melide, foron moitas novas que se publicaron en diferentes medios de comunicación comarcais e autonómicos sobre o traballo deste movemento veciñal, "o apoio por parte da prensa foi fundamental, sempre se facían eco das nosas accións", destaca David Barrio.

Non obstante, esta presenza mediática non era para menos dado que as persoas que apoiaban a Plataforma conseguiron paralizar cunha mobilización un domingo de Feira na vila.

"Se temos que recordar algún nome propio, fóra da xente que formabamos a Plataforma, ese sería Pepe Blanco, Ministro de Fomento entre abril de 2009 e decembro de 2011 foi a persoa que fixo posible o cambio de trazado para ter o tramo defendido pola veciñanza", afirman membros da entidade asociativa.

Os 7 anos de loita deste movemento da veciñanza son parte da historia da nosa comarca. Unha vez disolta a Plataforma da Autovía por Melide, xa que se acada o obxectivo polo que se creara, David Barrio, voceiro, afirmou nunha entrevista a Tierras de Santiago: "cremos que se fixo xustiza na nosa comarca. Nós entendimos que tiñamos que pedir xustiza, sobre todo, que non se condenara a un pobo, porque entendemos que o concello de Melide, que é a cabeza da comarca, non debería quedar illado dese trazado. Agora contamos coa infraestrutura necesaria para ter futuro".

Seguramente, no 2009 nin a veciñanza nin os membros da Plataforma se podían imaxinar que case 14 anos despois a Autovía que une Lugo e Santiago, iso si, pasando por Melide, aínda non estea rematada. Haberá que esperar uns meses para pechar este arquivo.

O equipo do Cerne e a directiva de ASETEM - CCA neste repaso procura poñer en valor o traballo e esforzo das persoas que dun ou outro xeito colaboraron e participaron na Plataforma Autovía por Melide que fixo realidade que a estrada de Lugo a Santiago pase por Melide e sexa unha vía máis de oportunidades para a veciñanza do presente e do futuro do municipio. Agradecer especialmente a: Adolfo Álvarez, David Barrio e Pilar López pola recolleita de documentación e pola súa testemuña, imprescindible para narrar estes feitos dende a distancia que impón o paso do tempo.

Pepa, Pepe, Papá é a nova campaña de ASETEM para o Día do Pai

As papeletas para cubrir nos comercios locais e entrar no sorteo da campaña do Día do Pai. / Foto: Cerne

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide lanza unha nova campaña: Pepa, Pepe e Papá para promover e impulsar as compras arredor do Día do Pai nos comercios de proximidade do municipio.

Esta iniciativa vaise celebrar durante os días previos ao domingo 19 de marzo para animar a toda a veciñanza e visitantes a mercar nos establecementos locais un agasallo para todos os pais. Unha vez máis, ASETEM - CCA, aposta porque comprar nas tendas asociadas da vila teña premio, por este motivo, as persoas que realicen as súas compras arredor do Día do Pai (indiferentemente do seu importe) nos comercios asociados poden cubrir unha papeleta para participar no sorteo dun dos 3 vales de 100 euros para gastar nos establecementos da localidade asociados a ASETEM. "O feito de haber un sorteo e un premio co que poder recompensar á clientela que vén mercar ás tendas locais pensamos que vai animar á xente para decidirse a compra na vila. A maiores é preciso recordar que os negocios socios teñen a dispoñibilidade de enviar os produtos a domicilio a custo cero grazas a unha subvención solicitada dende a asociación, polo tanto se hai persoas que non estean preto de Melide pero queiran consumir na vila para estas datas tamén o poden facer", fan fincapé dende ASETEM.

Ademais, como complemento a este sorteo de 300 euros nesta iniciativa vanse volver entregar entre os comercios asociados participantes na campaña varias caixiñas cheas de lambetadas con mensaxe para repartir coas compras relacionadas co Día do Pai. Unha caixiñas xa típicas da entidade coas que a asociación empresarial da comarca quere que as tendas poidan ter un pequeno detalle para entregarlle á clientela neses días e poñer un punto doce ás compras.

O Día do Pai é unha data sinalada na que ASETEM leva varios anos organizando diferentes campañas para promover as mercas durante eses días previos, dado que é un día no que un pequeno agasallo pode amosar tamén o cariño ou aprecio cara a figura paterna.

Dende a directiva da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide animan á veciñanza da contorna e das cidades máis próximas a vir mercar ao comercio local de Melide porque nel van atopar os mellores agasallos para esa persoal especial á que lle queiran amosar o seu aprecio cun agasallo ou acudindo aos establecementos de hostalería para desfrutar da nosa gastronomía.

Xanela Ocio e Animación e El Almacén del Colchón abren novos locais no municipio

Os dous novos locais de Xanela Ocio e Animación (primeira imaxe) e de El Almacén del Colchón (segunda imaxe) en Melide. / Foto: Xanela e El Almacén del Colchón

Os establecementos de proximidade Xanela Ocio e Animación e El Almacén del Colchón estrean novos locais en Melide.

No caso de Xanela Ocio e Animación o novo local está na Rúa Rocamador, 3 (pola parte detrás do antigo Supermercado Día). Neste espazo, denominado 'Xanela Park', hai varias colchonetas de bólas, inchables, zona de talleres, actividades e xogos para festexar os aniversarios dos máis pequenos.

Dende o equipo de Xanela destacan que "temos moitas ganas e ilusión porque é un cambio moi grande e tamén porque é un avance na nosa traxectoria".

O novo local de El Almacén del Colchón está no Polígono da Madanela, estrada N547 (ao lado do restaurante Ribeira Sacra). Nesta tenda contan mobiliario de descanso como colchóns e sofás, roupa do fogar e bases.

Dúas novas apostas para ofrecerlle os mellores produtos á clientela.

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE...”

MARZO, MES DA LOGOPEDIA

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide
Teléfono: 642 007 210

O 6 de marzo é o “Día Europeo da Logopedia” e cada ano reivindícase o papel da logopedia nunha área. Desta volta é o papel da logopedia na UCI e UCIn (neonatos).

A nivel público, na atención hospitalaria, o ratio de pacientes para cada logopeda estaría en torno aos 150 mil pacientes (Ministerio de Sanidade). A atención redúcese á asistencia ambulatoria e, dependendo da área sanitaria, poderase atopar á logopeda con pacientes ingresados con diferentes patoloxías sendo pouco habitual atoparnos nas UCIs.

A UCI é un dos terreos máis difíciles e cambiantes que se pode atopar no ámbito hospitalario e non está claro para a sociedade o labor que a logopedia ten no tratamento das pacientes ingresadas neste tipo de unidades.

Debemos ter en conta que na UCI, moitas das persoas necesitarán ventilación mecánica invasiva e non invasiva. A intubación orotraqueal ou a presenza de traqueostomía, así como a necesidade de uso de máscaras de osíxeno, terá consecuencias sobre a deglutición, a voz e a fala. A insensibilización da zona poderá afectar as funcións de deglutición e voz. Ademais, a intubación orotraqueal pode provocar alteracións post- intubación por inflamación e o tubo de traqueostomía non permitirá que o aire pase polas cordas vocais que quedan por enriba de dito tubo polo que afectará á fala, sen saírlle voz á persoa doente e afectará á deglutición porque dificultará o movemento da larinxe (Baumgartner, Bewyer e Bruner, 2008). O papel da logopeda pasará por solucionar os problemas de comunicación e por rehabilitar as estruturas larínxeas de cara a conseguir a recuperación da voz e da deglutición. O cribado, detección e tratamento das alteracións, fará que a estancia das pacientes sexa menor e a recuperación máis rápida, como xa demostra a presenza da figura da fisioterapia neste ámbito.

Se falamos de UCIn, onde se atopan os neonatos, calcúlase que case o 10% dos nacementos no estado español se producen de forma prematura e a cifra sube cada ano, polo que poden aparecer alteracións polo feito de que aínda non están preparados nin a nivel muscular nin cerebral para a complicada tarefa de coordinar entre a succión, a respiración e a deglución. A logopeda fará unha exploración/valoración da presenza e eficacia dos reflexos orais (busca, succión, mordida e vómito), a forza e o ritmo de succión do bebé e da coordinación entre succión-respiración-deglución. Despois, decidirá a mellor estimulación e intervención a realizar, buscando un equilibrio entre a musculatura orofacial e as funcións implicadas.

A realidade da UCI en Galiza, é que hai áreas sanitarias nas que case non se atopa a logopedia dentro dos cadros de persoal do hospital menos aínda facendo traballo nesa área. Dende o meu punto de vista, a profesión encargada de estudar, investigar, previr, avaliar, diagnosticar e tratar tan diferentes patoloxías en todas as etapas da vida, debería estar máis presente meses momentos máis críticos. Podería terse así un sistema máis efectivo e eficiente na atención integral ás/aos pacientes.

Cando veñan a buscarnos

Pasoume por diante dos ollos estes días un vídeo breve dun representante político falando no Congreso. Trataba da necesidade de considerar a importancia da saúde -e a sanidade pública- mental, e dicía o seguinte: “se desaparecesen as benzodiazepinas o alcohol, a cafeína e os antidepresivos, España colapsaría”. Certo, está pasando, aínda que deso non se fala.

Nos últimos anos está socialmente máis aceptado falar de saúde mental como un novo problema desta sociedade moderna. Non obstante, como ocorre coa saúde física, non só hai que preocuparse -e ocuparse- cando estamos ante unha enfermidade terminal, senón tamén cando os nosos hábitos de vida nos van encamiñando cara a unha mala saúde.

A día de hoxe as esixencias de vivir en comunidade (nesta comunidade semiurbana, occidental, do norte supostamente desenvolvido no que nos atopamos) pasan por ver quen fai máis cousas, quen coñece máis xente, quen produce máis, quen ten máis vida social, quen acumula máis do material e quen espreme máis as 24 horas que ten o día.

Foi mal visto o breve libriño de Paul Lafargue titulado “O dereito á preguiza”, cando xa en 1880 escribía sobre as virtudes e vantaxes do ritmo lento como sistema de vida. E nestes momentos, nos que todos sentimos que o tempo nos voa, que non chegamos a todo, que a vida “nos la quitan de los fuciños” como dicía o sabio Arsenio, sería se cadra moito máis sensato replantearse que é o que realmente nos fai sentir ben, que é o que nos gustaría facer se fixésemos as cousas só por nós, polo noso benestar e a nosa paz, e non por cumprir co que se espera de nós ou aquilo que fan todos, e que nos arrastra coma se foramos un garabullo polo río abaixo despois dunha enchenta.

Danos vergonza dicir que descansamos, disimulamos se estamos “sen facer nada”, porque vivimos nunha etapa na que está ben visto andar a correr, vivir a correr, querer chegar a mil cousas, ser bo en todo: boas nais/pais, bos traballadores, bos fillos, boas parellas, cociñar ben, ter boas e numerosas relacións de amizade, facer deporte, comer ben, ler, saber de series, entender a política, participar en asociacións, ser solidario, ter un xardín atendido e todo iso con boa cara. E, como todo isto é imposible chega un momento no que nos invade a frustración, a culpa por non dar sido todo o que se supón que podemos ser. A cabeza ferve, a paciencia explota, o tempo aprétanos, a autoculpa invádenos e o corpo desregúlase fisicamente porque emocionalmente xa leva tempo costa abaixo sen marcha, ao ritmo que levan todos, e todos sen un destino claro.

Non existe aquilo do que non se fala. Por iso non existe conciencia dabondo sobre a necesidade de parar, de baixar os ritmos da vida, priorizar o benestar emocional, afectivo con nós mesmos e cos nosos. Porque teremos moita vida social e moitos frontes abertos, pero cando a señora da gadaña veña por nós, se nos dese tempo a facer un breve recordatorio do que foi a nosa vida, probablemente non añoremos os horarios estresantes. Seguramente nos despidamos con máis tenrura os momentos tranquilos nos que alguén se parou a ter con nós unha conversa cómplice, un acompañamento sereno, unhas risas que se compartiron, os minutos cos nosos, e todas esas cousas que agora deixamos para os anacos libres que nos deixan as nosas apretadas vidas. E a señora está xa cravuñando a súa gadaña.

Vanesa de Quinzán

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

O comercio de proximidade fai un balance positivo da vendas e participación na edición de inverno do Mercamelide

Un grupo de visitantes do Mercamelide de inverno mercando nun dos comercios participantes. / Foto: Cerne

O comercio de proximidade fai un balance positivo das vendas e a participación na edición de inverno do Mercamelide, a feira de oportunidades máis coñecida do centro de Galicia.

Os responsables e traballadores dos establecementos locais que participaron no Mercamelide, celebrado na fin de semana do 25 e 26 de febreiro, fan fincapé na gran afluencia de persoas que se achegaron ata o Pazo de Congresos para observar toda a gama de produtos a uns prezos irresistibles que tiña á disposición da clientela. A maiores, destacan o compromiso da veciñanza do municipio e doutros concellos galegos que se acercaron ata Melide para mercar durante as xornadas de grandes descontos.

Nesta edición da feira de oportunidades participaron case unha vintena de comercios locais de diferentes eidos como: téxtil, calzado, beleza, lencería, informática, viaxes, electrodomésticos ou deportes. Esta ampla variedade permitiu enriquecer o Mercamelide e, así mesmo, animou á clientela a acudir ao evento comercial.

Dende a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide móstranse satisfeitos co transcorrer desta tradicional feira de oportunidades, organizada pola entidade empresarial, e non queren perder a oportunidade de "agradecerlle o seu compromiso e traballo aos responsables dos comercios locais que participaron no Mercamelide de inverno porque sen eles todas as tarefas levadas a cabo pola Asociación non terían sentido. Pola outra parte, é preciso agradecer a toda a veciñanza, melidense e de fóra, por acercarse ao Pazo de Congresos e mercar nos establecementos porque a feira de oportunidade funciona grazas á clientela". Ao mesmo tempo, dende ASETEM - CCA teñen outro agradecemento para o Concello de Melide que colaborou de xeito activo para que o Mercamelide fose un ano máis unha realidade para os establecementos da vila.

Coma en todas as campañas, por parte da Asociación empresarial, comentan que hai cousas que se poden mellorar e novas ideas que xurdiron grazas a esta edición. De feito, afirman que ASETEM - CCA traballará arreo para mellorar as posibles carencias que os comerciantes atoparon e para que o Mercamelide de verán poida ter outra gran acollida e resultados como nesta ocasión.

A celebración desta feira de oportunidade destaca unha vez máis o vivo que está o tecido comercial e empresarial melidá, un dos motores económicos do municipio. "Para que isto siga sendo posible é máis preciso ca nunca: por unha banda, manterse unidos para facer forza a través da Asociación; e, por outra banda, que a clientela continúe confiando nos pequenos establecementos da localidade para comprar a diario porque se ao tecido comercial e empresarial lle vai ben iso vaise trasladar ao pobo, será bo para todos e todas", sinalan dende ASETEM - CCA.

Na primeira imaxe as autoridades políticas e membros de Asetem. Na seguinte, parte imprescindible do Mercamelide, varios dos comerciantes que participaron nesta edición. / Foto: Cerne e Electrosan

participa coas túas compras do 10 ao 19 de marzo

pepa, pepe & papá

SORTEO DE 300€

3 VALES DE COMPRA DE 100€ CADA UN

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA

Concello de Melide

Merca en Melide Corno de Galicia

"Pretiño de ti"

@asetemmelide

“Melide necesita máis solo industrial e precísao xa”

Un dos grandes problemas en Melide que se vén arrastrando dende hai anos é a falta de solo industrial. A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide mantivo co paso do tempo reunións con diferentes grupos políticos e responsables da Administración local e provincial para buscar unha solución que permita crear novo solo industrial no municipio porque “é por onde pasa o futuro da veciñanza”.

O 28 de febreiro a historia local escribiu un novo capítulo, no Pleno sometéuse a votación a aprobación da modificación puntual das normas subsidiarias do planeamento de Melide para a delimitación dun sector de solo urbanizable industrial e dado o voto en contra do Partido Popular e a imposibilidade de participar dun membro de Adiante Melide por ter familia con propiedades na zona afectada impediron que a localidade puidera contar co primeiro paso necesario para a creación dun novo Polígono empresarial. De novo, unha oportunidade perdida para que a vila medre e poida ter presente e futuro.

Vista aérea dunha zona do Polígono Empresarial da Madanela en Melide. / Foto de arquivo

Por parte dos grupos que forman o equipo de Goberno, o alcalde, José Manuel Pérez, amosouse “sorprendido xa que o proxecto presentado era o mesmo que iniciou o Partido Popular en febreiro do ano 2019, polo tanto se antes era idóneo non se entende que agora non o sexa”. O voceiro do PSdG municipal fixo fincapé en que a “irresponsabilidade do Partido Popular deixa a Melide sen solo industrial, queren que se instalen empresas en concellos veciños pero néganlle a Melide a posibilidade de ter novo solo industrial”. Pola outra parte, Dalia García, do grupo popular, xustificou o voto en contra a este proxecto afirmando que non comparten “a forma de urbanización escollida polo Goberno” e que “poden contar co PP para buscar financiamento e para dotar de solo industrial ao municipio pero en termos realistas”.

En marzo de 2022, a voceira do Partido Popular reivindicaba “a liña de traballo aberta no seu día para analizar as posibilidades de ampliación de solo industrial en Melide. No seu momento, e cando aínda había metros de solo industrial dispoñible encargamos un estudo medioambiental a instancias do mellor científico de España sobre a Serra do Careón e a súa protección para ver as posibilidades reais de ampliación do parque; tramitámolo ante as instancias pertinentes propoñendo catro opcións de implantación de máis metros de solo industrial sendo que a resposta foi que das catro opcións propostas só dúas eran viables”, unha destas opcións é a localización proposta en Pleno o pasado 28 de febreiro. Melide non pode deixar escapar as oportunidades porque o tempo corre e a veciñanza necesita que a súa vila teña presente e futuro porque se por algo se caracteriza Melide é por ter un sector empresarial e comercial forte e unido que dende os grupos políticos de debe apoiar e axudar a impulsar.

Parece curioso que no Pleno anterior se vota a favor de xeito unánime para demandar o apoio económico do Goberno central ao proxecto de Altri que se ten previsto asentar no concello veciño de Palas de Rei e non se sexa capaz de chegar a un acordo ou entendemento para dotar ao municipio de novo solo industrial. “Un tema tan importante e fundamental para Melide debería contar co apoio de todas as formacións que forman o Pleno local así como doutras Administracións públicas como a Xunta de Galicia ou a Deputación da Coruña”, sinalan dende ASETEM. Cabe destacar que este proxecto conta con todos os informes técnicos favorables para poderse realizar.

En ASETEM sempre se foi partidario de ampliar o Polígono da Madanela pero dada a imposibilidade de facelo por estar afectado pola Rede Natura 2000, de feito, a entidade empresarial consultou a finais de 2022 a un experto xurídico independente a viabilidade da proposta de ampliación do actual Polígono e o experto resolveu que “non é viable”. Postos nesta situación a única saída, polo momento, para a creación de novo solo industrial é a proposta dunha nova localización (próxima a un dos novos enlaces da autovía que une as cidades de Lugo e Santiago), tema xa falado en diferentes reunións entre a Asociación e representantes do concello dende hai máis de 10 anos e con voceiros e voceiras de todas as agrupacións municipais. A creación dun novo Polígono Empresarial debería ser un asunto que no que se apartaran intereses políticos ou persoais porque “Melide precisa máis solo industrial e precísao xa, non pode seguir esperando porque senón despois igual é demasiado tarde”, fan fincapé dende a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide. A vila precisa de novas empresas que decidan asentarse na localidade porque iso xerará riqueza, máis postos de traballo e progreso.

Os representantes políticos no último Pleno. / Foto: Concello de Melide

Aberto o prazo das axudas para a transformación dixital e modernización do sector comercial

Un traballador mirando para unha pantalla onde carga unha barra da transformación dixital. / Foto: iStock

Aberto o prazo para solicitar as axudas para a transformación dixital e modernización do sector comercial e artesanal da comunidade autónoma.

Estas subvención contemplan liñas de actuación como a dixitalización básica da contorna comercial nunha soa canle, que supón realización das seguintes medidas: implantación da páxina web sen venda en liña, hardware e lector de código de barras, software de pagamento adaptado á actividade comercial e ferramentas de posicionamento dixital. Outra das liñas integra a implantación da páxina web con venda en liña, sistemas de stock integrado no punto de venda, xestor de redes sociais, loxística e-commerce e ferramentas de posicionamento dixital.

Para os establecemento que xa conten cunha páxina web completa cubre o mantemento da mesma, melloras nos sistemas dixitais de stock, imaxe dixital, sistemas dixitais de control de accesos, xestor de redes sociais e loxística e-commerce.

Noutra liña diferente, na de modernización comercial entra a adquisición de equipamentos propios da actividade comercial e artesanal como: maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar e a fabricación externa cualificada directamente relacionada coa actividade comercial ou artesanal.

As persoas que se poden beneficiar desta subvención son comerciantes retallistas e obradoiros artesáns con ou sen tenda física. Entre os requisitos destacan: que teñan condición de peme (un número de empregados inferior ou igual a 20), o domicilio fiscal en Galicia, estar dados de alta nalgunha das epígrafes das bases do IAE ou estar rexistrados no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

As actuacións serán subvencionables sempre e cando sexan realizadas e efectivamente pagadas entre o 1 de decembro de 2022 e o 20 de marzo de 2023.

O prazo de solicitudes remata o vindeiro 28 de marzo e as persoas interesadas deben presentar a documentación a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Aprobada a licitación da reposición do camiño de Petos na parroquia de Furelos

O camiño que leva á aldea de Petos en Furelos. / Foto: Concello de Melide

A Xunta de Goberno local do Concello de Melide vén de aprobar a licitación da reposición do camiño do núcleo de Petos, na parroquia de Furelos.

Este proxecto contempla unha intervención nun tramo de vía de 1,1 quilómetros que se atopa moi deteriorado polo paso de vehículos e persoas. As obras realizaranse seguindo un esquema que inclúe a apertura e limpeza de cunetas, así como a formación da base en sobreanchos. Procederase á retirada do actual asfaltado e á instalación de afirmado e medias cañas. Posteriormente, estenderase unha capa de aglomerado. Para rematar a intervención realizarase un acabado e unha limpeza das calzadas.

Todos os tramos do vial sobre o que se actuará están a cargo do Concello de Melide. En total a superficie abarcada con este proxecto é de 4.382,5 metros cadrados.

O orzamento de licitación da obra sitúase nos 50.152,20 euros, IVE incluído. O prazo de execución dos traballos será de tres meses.

O Concello reitéralle a necesidade de sendas peonís na N-547 e AC-840

A estrada N-547 á altura da parroquia de Santa María. / Foto: Concello Melide

O Concello de Melide reitéralles á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Transportes a necesidade de construír sendas peonís nas estradas N-457 e AC-840.

Estas estradas vertebran a comunicación rodada e peonil do municipio, polo que se fan necesarias actuacións que ofrezan unha maior seguridade a peóns e tráfico rodado. A necesidade vén incrementada nos últimos anos polo aumento de tráfico de vehículos, en especial camións, procedentes da autovía A-54, así como polo incremento de accidentes de circulación e atropelos que se produciron nos últimos meses. Ademais, trátase de zonas nas que se localizan numerosas vivendas residencias.

Melide xúntase a outros cinco concellos para impulsar a dixitalización do ciclo da auga



Imaxe aérea da EDAR de Melide. / Foto de arquivo

O Concello de Melide presentou unha solicitude na primeira convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano de auga, enmarcada no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia PERTE Dixitalización da Auga. O municipio melidá concorre a estas axudas a través dunha agrupación de solicitantes da que tamén forman parte outras localidades que son: Pastoriza, Fisterra, Pol, Silleda e Valga.

Esta concorrencia conxunta permitirá, no caso de recibir a subvención, a creación dun sistema de información e ferramentas dixitais en relación co ciclo da auga, mellorando a xestión do mesmo significativamente. A través da tecnoloxía poderíase recompilar, xestionar e almacenar grande cantidade de información en tempo real, facilitando a toma de decisións.

O importe desta axuda económica para o Concello de Melide sería do 20,24%, o que representa algo máis de dous millóns de euros.

A concesión desta subvención permitirá igualmente á Administración local destinar un investimento na rede de saneamento do Polígono Industrial da Madanela para materializar a necesaria conexión e depuración das augas. Unha demanda exposta por parte da veciñanza e dos empresarios e empresarias instaladas en dito Polígono para acabar cos vertidos.

Obradoiro de aprendizaxe sobre memoria e psicomotricidade



Un puzzle de varias pezas coa imaxe dun cerebro humano. / Foto de arquivo

Melide acolle un obradoiro de aprendizaxe sobre memoria e psicomotricidade na terceira idade.

Esta formación celebrarase este xoves 16 de marzo no Edificio Multiusos da vila co obxectivo de promover o desenvolvemento e a estimulación das capacidades psíquicas, motrices, afectivas, expresivas, creativas e de comunicación. O programa recolle coñecementos sobre: as capacidades biolóxicas e motrices básicas, os procesos cognitivos, as habilidades sociais, capacidades neuromotoras e sensoperceptivo motoras, práctica da psicomotricidade e de recuperación da memoria enfocado para a terceira idade.

Comezan as obras de renovación do céspede artificial do Campo de Fútbol do municipio

O alcalde do municipio xunto co tenente alcalde diante da portada do campo de fútbol da vila. / Foto: Concello de Melide

Comezan as obras de renovación do céspede artificial do Campo de Fútbol do municipio. Estas tarefas son realizadas pola empresa Sport Equipalia cun investimento de 191.529,59 euros, subvencionado polo Plan Único de Concellos da Deputación da Coruña.

O céspede que se vai renovar contaba xa con catorce anos de uso e mudarase por un "sintético de última xeración", sinalan dende o Concello. Mentres duren as obras a Administración local facilita un servizo de bus para que os e as deportistas poidan acudir a Santiso a adestrar. Grazas á colaboración de Santiso e Palas de Rei o Cire continua a súa actividade deportiva.

Detidos tres varóns como presuntos autores dun roubo

A Garda Civil detivo a tres varóns e investigou a outros tres como presuntos autores dun delito de roubo con forza en Melide.

Os feitos ocorreron a raíz da denuncia interposta pola vítima o pasado mes de decembro nas dependencias oficiais da Garda Civil no municipio. O denunciante manifestou que lle roubaran máis de 100 baterías que tiña almacenadas nun solar cerrado no centro da localidade melidá.

Logo de presentarse a denuncia, a Garda Civil comezou unha investigación co obxectivo de lograr a identificación plena do autor ou autores do delito ocorrido o pasado mes de decembro.

Como froito das xestións realizadas no lugar dos feitos e a análise dos datos obtidos, o Equipo Roca do Posto da Garda Civil de Santiago de Compostela xunto a efectivos do Posto de Melide procederon á detención de tres persoas e á investigación dun cuarto como supostos autores dun delito de roubo con forza. Todas as persoas contan con múltiples antecedentes policiais e son veciños das localidades de Lugo, Santiago de Compostela e Melide.

Con esta actuación policial conseguiuse a recuperación de 100 baterías, cuxo peso superaba a tonelada e o valor económico ascendía a 1.200 euros.

Todo o material foi precintado e as dilixencias instruídas xunto aos detidos foron postos a disposición xudicial do Xulgado de Instrución Nº1 de Arzúa o pasado 7 de marzo.

O Concello solicítalle á Xunta investimentos urxentes nos centros educativos da localidade

Un dos centros educativos para os que se solicitan as melloras ao Goberno autonómico. / Foto de arquivo

O Concello de Melide vén de solicitarlle á Xunta de Galicia unha serie de investimentos urxentes nos tres CEIPs da localidade. María Jesús Iglesias, concelleira de Educación, informa de que dende os equipos directivos dos centros educativos e as ANPAs lle trasladan varias necesidades urxentes "cuxa resolución é competencia da Xunta", apunta.

A Administración local fai esta reclamación ao Goberno autonómico ao amparo do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que a Xunta presentou no ano 2021. Neste documento a Administración galega comprométese a actuar no 40% dos centros escolares de Galicia antes de 2024, os CEIPs deben transformarse seguindo unhas directrices xerais de ampliación, rehabilitación integral, ou intervencións en fachadas e cubertas. Dentro do Plan tamén se recolle a creación de espazos de socialización como patios e pistas multideporte cubertas, de forma que poidan adaptarse ao uso durante todo o ano, independentemente da climatoloxía.

O Goberno municipal de Melide reclama unha serie de investimentos moi necesarios nos tres centros escolares de infantil e primaria.

Na Escola Nº1 é necesario a reforma da zona deportiva exterior, dado que se atopa en mal estado e conta cun equipamento deportivo obsoleto. Do mesmo xeito, o desgaste da zona perimetral, que se emprega como espazo de recreo e ocio, fai necesario levar cabo un asfaltado da mesma.

No que respecta ao CEIP Martagona, o Concello melidá reitera "unha reclamación que vén de vello": a construción dun patio cuberto ou pista polideportiva de idénticas características. Trátase da única escola de Melide que non dispón dun espazo cuberto para a práctica deportiva, o cal limita moito as actividades de educación física cando o tempo non acompaña. Por outra banda, e no mesmo centro, é notable o deterioro que presenta o valado do perímetro, comprometendo mesmo a súa estabilidade e representando, por tanto, un risco para a seguridade. A Administración local pide igualmente que se acometa unha reparación nesta infraestrutura.

Por último, no CEIP Mestre Pastor Barral é necesario arranxar o tellado do centro. O equipo directivo advirte da existencia de filtracións. Por outra banda, é preciso pechar a pista polideportiva cuberta, de forma que o seu uso durante o inverno sexa máis cómodo para o alumnado do centro. Por parte do Concello manifesta que realizaron máis de 150 intervencións de mantemento.

Publicadas as datas nas que se poderá expedir o DNI no Edificio Multiusos

Unha persoa realizando tarefas co seu DNI. / Foto de arquivo

A Unidade Móbil da Policía Nacional achegarase a Melide en cinco ocasións durante este ano para que a veciñanza tanto de Melide como de Santiso e Santiso poida facer ou renovar o DNI.

As datas confirmadas son: o 3 e 7 de marzo, o 15 e 16 de maio, o 15 e 19 de xuño, o 26 e 28 de setembro e o 20 e 22 de novembro, para a presentación da documentación e a recollida do DNI respectivamente. É obrigatorio que as persoas acudan os dous días ao Edificio Multiusos de Melide.

Para pedir cita previa a través do 981 50 79 29.

Melide organiza a terceira edición do Concurso de Relatos Curtos a prol dunha igualdade real



Un lapis facendo de balanza entre un home e unha muller de papel. / Foto arquivo

O Concello de Melide organiza a terceira edición do Concurso de Relatos Curtos a prol dunha igualdade real.

Nesta competición literaria poden participar todas as persoas, sen límite de idade, que escriban unha pequena obra a prol da igualdade en lingua galega. Os escritos deben ser orixinais e inéditos, a temática ten que xirar sobre calquera aspecto relacionado coa muller, dende relacións familiares, de parella, no ámbito laboral ata violencia de xénero, entre outros.

Cada participante pode participar cunha soa obra que deberá presentar por quintuplicado. A extensión mínima será de cinco folios e a máxima de dez, en formato Din A4 a dobre espazo por unha soa cara e un máximo de trinta liñas por folio. Só se pode empregar Times New Roman, 12 puntos, como tipo de letra.

Nesta edición do Concurso entregaranse premios ás tres mellores obras: un primeiro de 350 euros, o segundo 200 e o terceiro 150 euros. A data límite para presentar os relatos será o 17 de abril ás 14:00 horas e a decisión do xurado darase a coñecer o vindeiro 17 de maio co gallo do Día das Letras Galegas.

O xurado estará composto por cinco membros e decidirán os tres gañadores ou gañadoras.

“Para educar en igualdade o máis importante é dar exemplo”

Silvia Miguez e María Gómez, traballadoras do Centro de Información á Muller de Melide. / Foto: Cerne

- Que traballo se realiza no Centro de Información ás Mulleres do municipio?

- Silvia Miguez (avogada): No CIM ofrecemos unha intervención global dirixida ás mulleres, proporcionando asesoramento xurídico e atención psicolóxica, así como calquera outra información encamiñada a conseguir a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Teñen prioridade na atención as vítimas de violencia de xénero así como mulleres que pertenzan a outros colectivos que estean en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social. Tamén organizamos actividades para traballar con violencia de xénero, poñendo o foco na información, prevención e sensibilización.

- Con que perfís profesionais conta o CIM?

- María Gómez (psicóloga): Hai unha asesora xurídica que é Silvia e unha psicóloga que son eu. De todos xeitos, traballamos en rede polo tanto colaboramos moito cos servizos sociais da vila e doutros concellos limítrofes, coa traballadora social do Centro de Saúde, cos centros educativos e con calquera institución a que teñamos que recorrer para conseguir a igualdade.

- Por que é importante a existencia destes espazos de información nas localidades pequenas como Melide?

- S. M: Precisamente pola importancia da temática e o colectivo co que traballamos que ao ser un servizo municipal está máis próximo e accesible para a cidadanía. E este é un pouco o obxectivo, que unha muller que precise axuda se lle poida abrir a porta nun sitio o máis próximo posible.

- Que territorio abarca o servizo deste CIM?

- M.G: Tanto as persoas do concello de Melide como doutros limítrofes ou próximos. Por cuestión de proximidade este soe ser o noso radio de actuación pero poden vir de calquera outra localidade.

- Dende o voso punto de vista profesional avanzamos no camiño da igualdade?

- S.M: Avanzamos en aspectos como a visibilización pero non debemos baixar a garda porque os datos están aí, as mulleres seguimos tendo traballos máis precarios, somos as que levamos o peso das cargas familiares e das tarefas do fogar. A maiores, os datos da violencia de xénero seguen a ser moi preocupantes.

- Que consellos nos podedes dar para as familias educar as crianzas na igualdade?

- M.G: Os consellos máis básicos, moitos deles de sentido común, serían: rachar cos estereotipos de xénero e os prexuízos e para iso é moi importante que nenos e nenas aprendan a comprender e aceptar as diferenzas con respecto; fomentar o pensamento crítico porque non podemos evitar, en moitas ocasións, que os cativos reciban certos comentarios machistas pero que aprendan dende ese pensamento crítico a darse conta e aprender a distinguilos; logo é importante ter coidado co acceso ás novas tecnoloxías porque na rede podemos atopar contido e mensaxes de todo tipo; e, por último o máis importante dende o noso punto de vista é dar exemplo, isto é algo que consideramos básico. Este exemplo podemos dalo dende accións tan comúns como realizar tanto o home como a muller as tarefas da casa para que os nenos e nenas vexan que o seu pai e irmáns, no caso de telo se reparte as tarefas.

Outra cuestión importante é evitar o uso de linguaxe sexista e non facer comentarios machistas nin xenófobos. Ademais, debemos fomentar a lectura de textos e o visionado de películas e charlas feitas por mulleres coa fin de que teñan unha mira máis común do feminino.

- Dá a sensación de que na adolescencia se están a repetir patróns machistas que parecían estar esquecidos.

- S.M: Si, nós nas Mesas de Coordinación que é onde tratamos esas cuestións trasládannos a preocupación de que cando son pequeniño, na Escola Infantil viven con normalidade xogar con todo tipo de xoguetes sen facer distinción de xénero pero cando chegan ao IES repiten certos patróns machistas. É fundamental ter en conta que hai moitas influencias externas como os medios de comunicación, a sociedade ou na casa.

- Contades con recursos suficientes para realizar a vosa labor?

- S.M: Dende a perspectiva do tempo aumentaron os recursos tanto a nivel institucional como de servizos pero dado que é un camiño no que aínda queda moito que recorrer son necesarios todos os recursos existentes e mentres non se alcance a igualdade real siga existindo a discriminación de xénero non podemos dicir que os recursos sexan suficientes.

- Fixestes algunha actividade especial para conmemorar o 8M?

- M.G: Tivemos unha programación que conta con teatro, andaina, a proxección dun vídeo que pon en valor diversas mulleres da vila e varias charlas.

- Que traballo realizades na Mesa de Coordinación contra a Violencia de Xénero?

- S.M: Na Mesa estamos representados os diferentes axentes que interveñen directamente na atención das vítimas ou ben que poden detectar casos, como son os centros educativos, Policía Local, Centro de Saúde, Garda Civil ou os servizos sociais. Nesta Mesa tamén están representantes de institucións como Secretaría Xeral de Igualdade, Subdelegación do Goberno e o propio Concello. O traballo que se realiza é para mellorar a coordinación, poñendo en común as dificultades coas que nos atopamos en cada un dos diferentes ámbitos e propoñendo melloras.

- Tedes prevista algunha iniciativa a máis longo prazo?

- S.M: Seguir realizando campañas de sensibilización e prevención, así como elaborar a creación dun protocolo de actuación adaptado as circunstancias do concello de Melide que permita un contacto directo entre todos os axentes mellorando a atención das vítimas.

DOMINGOS DE
TEATRO
CICLO DE TEATRO PARA PÚBLICO ADULTO
12 Marzo
1888. SEÑORITA XULIA
da Compañía Estudo Momento
19 Marzo
ALMA DE TIGRE
da Compañía Elefante Elegante
26 Marzo
BERNARDA
da Compañía Malasombra Produciónss
2 Abril
COMANDO COMADRES
da Compañía Matrioshkas Teatro
ENTRADA DE BALDE,
19:00 H. CENTRO SOCIOCULTURAL
MINGOS DE PITA DE MELIDE
Concello de Melide
Deputación DA CORUÑA

GN TALLER Y ALQUILER

MANTENIMIENTO CORTACESPED

MANTENIMIENTO TRACTOR CORTACESPED

PIDE TU CITA
981 50 77 00 681 92 75 44

QUERES UN ESTUDO GRATUÍTO SOBRE A INSTALACIÓN DE PLACAS SOLARES?

Hidroeléctrica Lumymey

CHÁMANOS SEN COMPROMISO

Teléfono Gratuíto: 900 701 152
Dirección: Alexandre Bóveda, 9 15800 Melide (A Coruña)
Email: info@lumymey.es
WhatsApp: 603.446.437

Angarela

Estanco, Artesanía
Agasallos, Maletas
e Complementos

Rúa Progreso, 9 - Melide Telf.: 981 50 60 96

SERVICIOS FUNERARIOS
EL MUEBLE, S.L.

Servizo funerarios en Melide, atención 24 horas os 365 díasdo ano. Tanatorio con modernas instalacións que dispoñen dunha ampla entrada, salas con zona privada, capela e servizo de cafetería. Floristería para arreglos funerarios, esquelas, traslados, preparativos... Atención próxima e personalizada.

Rúa Ourense 1
15800 - Melide
981 50 50 89
609 46 89 00

“Para moitas familias da contorna que un servizo básico como o do Centro de Atención Temperá se establecera en Toques foi un alivio”

O alcalde de Toques e dúas das traballadoras do Centro de Atención Temperá asentado no municipio. / Foto: Cerne

- En que consiste o traballo que se realiza neste centro?

- Silvia Rodríguez (psicóloga): Neste centro temos a nenos e nenas de cero a seis anos que teñen trastornos no desenvolvemento ou que estean en risco de padecelos, xa sexa pola súa situación familiar ou por antecedentes, e ás súas familias.

A forma de traballar é a seguinte: primeiro temos unha cita coa familia na que preguntamos cales son as súas preocupación con respecto á crianza e valoramos se hai antecedentes familiares. Logo, iniciamos un proceso de valoración que dura varias sesións e ten como obxectivo saber que necesidades ten o neno ou a nena (de comunicación, autonomía, a nivel cognitivo,..). Unha vez rematado este proceso establécense uns obxectivos, para acadalos determínase unha intervención que consistirá en acudir aquí con algunhas das profesionais de xeito periódico para intentar paliar esas necesidades.

- Con que profesionais conta este centro?

- S.R: Estamos unha terapeuta ocupacional, logopeda e eu como psicóloga.

- Que supón para o concello de Toques contar cun centro de atención temperá?

- Miguel Ángel Penas (alcalde): Cando nos propuxemos entre os cinco Concellos próximos que estabamos sen este servizo eu fun o primeiro en ofrecer estas instalacións en Toques porque, dende o momento no que entrei como alcalde, apostei moito pola poboación infantil. O meu obxectivo é que no municipio se potencie todo o relacionado con nenos e nenas (escola, actividades de conciliación, ...). Para o Concello de Toques este é un servizo básico para as crianzas desas idades porque telo tan preto implica que os pais e nais teñan máis facilidades para traer aos nenos e nenas que se os tiveran que levar ata Santiago ou Lugo. Por este motivo, apostei forte porque se instalara este centro na vila asumindo todas as consecuencias porque era algo bo para os rapaces e rapazas pero tamén para o concello. Estou moi orgulloso de que o Centro de Atención Temperá estea en Toques.

- Por que é importante que unha vila pequena como Toques conte con este servizo?

- S.R: Como ben comentou o alcalde, as familias de non estar en Toques terían que desprazarse moitos máis quilómetros. Os servizos deste tipo que están nos hospitais están moito máis saturados polo que as citas son moito máis espaciadas no tempo e en cambio aquí a atención pode ser con menor frecuencia e de xeito personalizado.

- M.A: Se este centro non estivese en Toques moitos pais e nais non levarían aos nenos a este servizo porque sei de familias que por dificultade para desprazarse non acudían a estes centros. Para as crianzas este servizo é moi importante e telo nunha vila próximo impón moitas facilidades.

- S.R: Para moitas familias que estaban indo a Lugo ou Santiago case todas as semanas cando nos instalamos aquí foi como un alivio.

- Como se financia este servizo?

- M.A: A Xunta de Galicia a través dun convenio que se renova anualmente polos cinco concellos que nos beneficiamos deste servizo faise cargo practicamente da totalidade dos gastos. O único que habería que quitar é o mantemento do local que si a asumen as arcas municipais.

- Imaxino que as familias son parte fundamental deste proceso de traballo das crianzas no Centro de Atención Temperá.

- S.R: Son unha parte importante, todos os días que os nenos e nenas veñen ao centro nos comentámoslle como vemos aos cativos e o que estamos traballando con eles para que poidan facer reforzo dende a casa.

- Como acolleu a veciñanza de Toques este novo servizo?

- M.A: O primeiro ano en funcionamento foi unha chea de parabéns, especialmente polo que comentabamos antes o non ter que desprazarse, un sistema personalizado no que teñen as sesións que precisan polo que os avances tamén ser aprecian antes e isto para as familias é moi importante e agradécencho moito. O balance é positivo sen dúbida.

- O detectar os sinais de alerta o antes posible marca o proceso posterior?

- S.R: Si, nisto teñen un papel moi importante o profesorado e o departamento de orientación das escolas porque contan coa formación necesaria para identificar esas sinais e teñen un grupo no que comparar. Canto antes de detecte máis axiña se intervén para determinar as necesidades do cativo ou cativo e pódense frear ou diminuír eses trastornos.

- Para vós que é o máis gratificante de formar parte deste servizo?

- S.R: Para min o feito de traballar coa poboación infantil porque son un colectivo que che transmite moita enerxía e cariño, así mesmo cando hai avances ti sentes que contribuíches a facelo posible, aínda que é un traballo en equipo onde a familia e a escola tamén teñen un papel importante.

- M.A: Como comentei ao principio, un dos meus obxectivos é axudar o máximo aos nenos e nenas. Dende que collín o mando como alcalde na Escola intentei impulsala e conseguimos recuperar unha aula máis, logo tamén coa Casa Niño que foi moi importante que se instalara e funcione ben aquí no concello, e por último este Centro de Atención Temperá que completa un pouco a miña aposta pola poboación infantil para que conten co maior número de servizos posibles nun municipio rural como é Toques. Os nenos e nenas son o noso futuro e canto máis lle poidamos ofrecer mellor nolo compensarán o día de mañá. De feito, nós estamos intentando que se amplíe a idade deste servizo para que os cativos e cativas teñan maior recorrido no centro.

- S.R: Este é un aspecto moi importante porque hai familias con menos recursos que ao cumprir os seis anos non teñen alternativa no sistema público. As necesidades especiais non se acaban por cumprir os seis anos.

SOMOS CAFÉ

Café Arraigos

Ambiente calido e acolledor para disfrutar de **Café de Especialidade** *no corazón de Melide.*

HAMBURGUESAS
BOCADILLOS
SANDWICHES

Disfruta dun bocado feito con moito cariño

RÚA TABOADA ROCA, 3, 15800 MELIDE, A CORUÑA

Fai a tua reserva ou pedido no seguinte numero de tlfn.

TLF. 981 11 46 09

Santiso require a implicación do Estado e apostar por un proxecto de chan industrial

O alcalde de Santiso, Manuel Adán, e o representante do BNG no Congreso dos Deputados, Néstor Rego. / Foto: BNG

O alcalde de Santiso, Manuel Adán, require a implicación da Administración Xeral do Estado e apostar por un necesario proxecto de promoción de chan industrial.

O Bloque Nacionalista Galego presentou no Congreso dos Deputados para que o Goberno estatal realice as xestións precisas para a promoción da actividade industrial no concello de Santiso.

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, visitou o lugar onde se prevé a instalación dun novo parque empresarial. Dende a corporación destácase a situación estratéxica deses terreos para a promoción industrial, próxima á futura autovía Lugo - Santiago e a necesidade deste proxecto para cubrir a demanda da comarca de incrementar o chan empresarial.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Santiso, aprobado en 2014, reserva para chan industrial terreo suficiente para permitir o desenvolvemento de novas actividades empresariais na comarca da Terra de Melide. Un terreo conformado por 46 parcelas cunha superficie media de 5.600m2, con condicións dependente favorables, escasas capacidades produtivas e unha superficie total de 258.831 m2 construíndo, por tanto, un polígono industrial de tamaño medio.

Néstor Rego destaca o deputado: "reclamamos ao Goberno do Estado realizar as xestións precisas para a promoción da actividade industrial en Santiso co investimento preciso que permita a creación dun novo parque empresarial nos terreos destinados a chan urbanizable industrial". Ademais da situación "inmellorable" a zona tería unhas boas "condicións de accesibilidade e conectividade co sistema xeral viario e podería dar servizo a iniciativas empresariais e industriais de toda a comarca", explicou Rego.

Para conseguir que este proxecto sexa unha realidade sinala o alcalde de Santiso, Manuel Adán, que precisan da implicación do Goberno do Estado: "ben, directamente a través dos distintos Ministerios con competencias nesta materia -especialmente o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo- a través de axudas e convenios de colaboración para lograr a urbanización do polígono e a construción; ou ben a través do instrumento creado para este fin como é a empresa Solo Empresarial do Atlántico, S.L. SME unha sociedade participada en 83,44% polo Ministerio de Transportes a través de SEPES".

"Existen mecanismos adecuados e as condicións idóneas para apostar por un necesario proxecto de promoción de chan industrial en que é impresdíbel a implicación da Administración Xeral do Estado", manifesta Manuel Adán.

Nace unha nova proba deportiva na contorna da Terra de Melide, o 'Desafío Cerne'

O cartel de promoción do 'Desafía Cerne'. / Foto: Asociación Deportiva Cerne

Nace unha nova proba deportiva na comarca da Terra de Melide, da man da Asociación Deportiva Cerne, o ' Desafío Cerne'.

O vindeiro 16 de abril realizarase unha proba BTT polos montes do interior galego, xa que as persoas participantes subirán ao Bocelo (punto máis alto da provincia da Coruña) así como a numerosos cumios da serra do Careón nos concellos de Toques e Palas de Rei.

Esta proba constará de dúas distancias: 35 quilómetros con 805 metros máis de acumulado e outra con 65 quilómetros e 1804 metros máis acumulados.

O período para inscribirse ao 'Desafío Cerne' remata o vindeiro venres 14 de abril ou ata completar as prazas dispoñibles. O prezo é de 18 euros.

Dende a organización sinalan que esta será unha proba que "non deixará indiferente a ninguén", entre outras cuestións polo encanto das paisaxes polas que transcorre esta competición.

A vindeira edición do Cross de Santiso xa ten data, o 27 de maio

Imaxe de promoción da vindeira edición do Cross. / Foto: Concello de Santiso

Logo do éxito da pasada edición, o Cross de Santiso xa ten data para celebrarse neste 2023 e será o vindeiro 27 de maio.

O prazo para anotarse nesta iniciativa deportiva está aberto e inclúe 300 prazas para a proba absoluta, 250 nas categorías infantís e 150 para a Andaina do Cross. O xeito de inscribirse é a través da páxina web: crosssdesantiso.com. Un evento que une a deportistas e veciñanza.

20 Día da Muller

Cerne 205. Marzo 2023

Os 365 días do ano temos a obriga de reivindicar o papel da MULLER na sociedade











Ferreiro e Anido estrean novo coche para as competicións deste 2023

O novo coche de Ferreiro e Anido, un Ford Escort. / Foto: Pé Á Chapa Staroil

Jesús Ferreiro e Javier Anido estrean novo coche, un Ford Escort MK2, para competir durante este 2023.

A primeira carreira na que puideron poñer en marcha este novo vehículo foi o pasado 4 de marzo no Rally Solo Escort.

Sobre os plans de Ferreiro e Anido para este ano, en declaracións para Pé Á Chapa Racing afirmaron que: "as organizacións do Rali do Cocido, Narón, Rías Baixas e Ourense uníronse para levar a cabo unha pequena copa para os vehículos históricos, con premios, tempo e un regulamento propio, polo que se nada se torce estaremos nas catro citas co novo MK2. Sinceramente é unha gran noticia que as organizacións teñan en conta a este tipo de vehículos, que son moi vistosos para a maioría dos afeccionados".

Neste medio, especializado no mundo do motor, preguntáronlle a Ferreiro polo seu regreso ao Campionato Galego de Rallyes unha vez que cambiou a directiva, ao que o piloto comentou: "este ano non creo que se produzan moitos cambios, pero parece que a idea que teñen é crear un apartado específico para os nosos coches. Creo que iso sería unha boa noticia para que os afeccionados se animen a ir a máis probas".

O sábado 29 e domingo 30 de abril volve a Foliada

Varias persoas participando nun obradoiro de baile na Foliada / Foto: F.M

O sábado 29 e o domingo 30 de abril volve unha das citas máis esperadas pola veciñanza e visitantes, a Foliada de Melide.

Durante a última fin de semana de abril as prazas e rúas do municipio serán un ano máis escenario do baile, canto e instrumentos da música tradicional galega.

A organización da Foliada de Melide xa anunciou as datas para a nova edición do evento musical por excelencia na vila para que todas e todos reserven ese dous días para desfrutar da cultura tradicional.

Tchin Tchin
PROGRESIVOS

TU 2º PAR
DE GAFAS PROGRESIVAS
POR 1€ MÁS*

¡Perfecto para ver de lejos y de cerca!

C/ RONDA DE CORUÑA, 16
MELIDE (E-15-0012058) - 981 50 60 97

*Ver condiciones en óptica y en afflelou.es. Oferta válida del 01/01/2023 al 31/12/2023 en todas las ópticas ALAIN AFFLELOU.

8 DE MARZO, DÍA DA MULLER

O Día Internacional da Muller está baseado na loita das mulleres para ter igualdade con respecto aos homes.
Esta celebración lévase a cabo dende o ano 1975 aínda que a primeira conmemoración foi o 14 de marzo de 1911 en varios países de Europa.
O 8 de marzo tomouse en moitos países do mundo como unha data moi sinalada facendo así un apoio conxunto a favor dos dereitos das mulleres.
Non abonda con este día para mentalizarnos e concienciarnos do pleno respecto pola muller, tanto nos seus dereitos como por darlle o posto na sociedade que sempre mereceron xa que debe ser un esforzo continuo ata acadalos dunha vez por todas.
No presente curso o alumnado do CEIP Arcediago de Santiso traballamos o lema seguinte:

"As capacidades non dependen do noso xénero: Cara á igualdade con dignidade, compromiso, xustiza e corresponsabilidade.
As mulleres construímos a gran casa que é o mundo".

Valentina Couso Balboa, 6º de Primaria.
CEIP Arcediago de Santiso

JAVIER FUCIÑOS, HIDROELÉCTRICA LUMYMEY

“O obxectivo principal da instalación de paneis solares é o aforro na factura eléctrica do usuario”

Hidroeléctrica Lumymey é unha das empresas de electricidade con maior recorrido na nosa comarca, este mes Javier Fuciños (responsable) cóntanos todos os detalles sobre a instalación de paneis solares, o que implica, as axudas económicas e a posibilidade de realizar un estudo gratuíto previo no que eles se encargan de asesorar aos fogares e empresas para conseguir o aforro enerxético.

Javier Fuciños, responsable de Hidroelectrica Lumymey, nas instalacións da empresa en Melide. / Foto: Cerne

- Como nova, a vosa hidroeléctrica, dado o contexto de transición enerxética, ofrece o servizo de estudo para a instalación de paneis solares.

- Javier Fuciños: Efectivamente. Un dos obxectivos da Unión Europea para o 2030 é reducir as emisións do territorio europeo en polo menos o 55% e conseguir que unha situación climática neutra no 2050, é dicir, con cero emisión de gases invernadoiro. Os datos recollidos pola Unión Española Fotovoltaica, indican que en 2022 instaláronse 2.507 MW novos de potencia solar de enerxía para autoconsumo. Esta cifra supón un incremento do 108% con respecto ao 2021.

En Hidroeléctrica Lumymey facemos un estudo previo á instalación dos paneis solares para saber cantas serían necesarias. A este estudo poden acceder tanto persoas que teñan a súa tarifa eléctrica contratada con nós como as que teñan outra compañía. Ademais, este servizo vale para empresas, negocios, particulares e comunidades de veciños.

- Calquera tipo de tellado pode albergar uns paneis solares?

- J.F: Si, de feito ata nos de uralita que son os máis básicos. A única excepción é se o tellado está en moi malas condicións.

- Como funciona este sistema de enerxía renovable?

- J.F: Os paneis xeran enerxía grazas ás radiacións solares que reciben. Esa enerxía que se xenera gratuitamente pode ser utilizada polo subministro, por exemplo, pódese poñer unha lavadora. Ao ser enerxía que provén do sol non se fai uso da enerxía que provén da rede e como consecuencia hai un menor consumo, o que se traduce nun aforro na factura.

Ademais, a enerxía producida polos paneis en caso de non ser consumida é abonada pola compañía eléctrica a modo de excedentes. Pero o obxectivo principal é o aforro na factura eléctrica dos fogares ou empresas. Tamén existe a posibilidade de vender a enerxía á rede, para iso tense que almacenar en baterías e utilizala cando o consumidor a precise.

No subministro nunca se sofre cortes eléctricos en momentos de maior demanda, xa que dispón ao menos de dúas fontes de enerxía (equipo fotovoltaico e rede eléctrica) que van en paralelo. Outra posibilidade son os aeroxeneradores que funcionan de maneira similar pero co vento.

- Canto se pode chegar a aforrar instalando paneis solares nos tellados das novas vivendas ou negocios?

- J.F: O aforro na factura dependerá dos hábitos de consumo do usuario ou usuaria. O máis recomendable é realizar o consumo eléctrico durante as horas de sol de tal maneira que os aparatos eléctricos funcionarán coa enerxía gratuíta que producen os paneis. En definitiva, canto menos se consuma será necesario mercar menor cantidade de kilovatios á rede. Os kilovatios autoconsumidos (recibidos das placas solares) serán sempre gratis e no caso dos que se toman da rede o prezo dependerá da compañía eléctrica coa que a persoa teña contratado o subministro.

- Canto pode costar unha instalación?

- J.F: O prezo da instalación dependerá principalmente do número de paneis que se pretendan instalar e a localización dos mesmos, para iso é tan importante realizar o estudo previo que nos ofrecemos. Cada subministro ten as súas propias necesidades e diferentes patróns de consumo, non todos os fogares nin todas as empresas consumen enerxía da mesma maneira. Dende Hidroeléctrica Lumymey, animamos a calquera consumidor para que nos solicite, sen ningún tipo de compromiso, un estudo gratuíto sobre a instalación de placas solares. O noso compromiso é ofrecer a mellor solución nesta transición enerxética.

Nun contexto no que os prezos da enerxía pola guerra en Ucraína, as axudas contempladas para instalar enerxías renovables enviadas dende Europa e a simplificación de barreiras administrativas compoñen un momento idóneo para que tanto empresas como comunidades de veciños ou particulares se decidan a apostar e inverter en placas solares para aforrar na súa factura eléctrica.

- Neste momento hai axudas vixentes para poñer este tipo de sistema de enerxía?

- J.F: A Unión Europea aprobou os fondos chamados, Next Generation EU, unhas axudas sen precedentes de 660 millóns de euros destinados a impulsar as enerxías renovables e reducir as emisións de CO_2. Estas subvencións están a xestionalas dende os Gobernos estatais e os consumidores poden solicitalas e chegarlle a cubrir ata o 50% da inversión.

- A súa instalación sabemos que require dunha inversión de diñeiro pero como é o seu mantemento?

- J.F: As placas solares non requiren de gran mantemento. O único que se ten que facer é intentar telas limpas pero iso en Galicia onde chove bastante con limpalas unha vez ao ano con auga sería suficiente.

- Que é preciso para realizar este estudo previo?

- J.F: As facturas eléctricas do último ano para ver o consumo medio e así axustar tamén o número de placas solares que esa vivenda ou empresa pode precisar. Logo do estudo se a persoa decide facer a instalación en Hidroeléctrica Lumymey encargámonos de todo o proceso: dende enviar aos técnicos para instalar os paneis, ata dar de alta esa fonte de enerxía, asesoramento e amañar todos os papeis necesarios coa administración pública. Os usuarios non terían que preocuparse de nada máis.

Hidroeléctrica Lumymey
Rúa Alexandre Bóveda, 9
15800, Melide
Tlf: 900 70 11 52

CERNE

Cerne 205. Marzo 2023

Instituto de la Sordera

CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- **Sonido claro y variado.**
- **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**
- **Tecnología recargable** (olvídese de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.
- **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**

Estudio Auditivo Gratuito

E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora